

Convocatoria para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, tras o seguimento dun curso de preparación na modalidade de teleformación

A Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, publica no DOG (Diario Oficial de Galicia) do 23 de xaneiro unha convocatoria para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, tras o seguimento dun curso de preparación na modalidade de teleformación.

Destinatarios / as: Persoas maiores de 16 anos ou que os cumbran antes do remate do prazo de inscrición

Número de prazas: 180

Duración: 12 semanas (190 horas lectivas)

Modalidade: teleformación titorizada a través da plataforma EMA da rede CeMIT

Datas de realización: do 15 de febreiro ao 26 de maio de 2017

Inscrición: na páxina web de CeMIT <http://cemit.xunta.gal> Con carácter previo á inscrición é necesario darse de alta como usuario / a da rede CeMIT. Nesta alta previa é imprescindible facilitar unha conta persoal de correo electrónico

Prazo: 5 días hábiles a partir do seguinte da publicación da resolución no DOG. (Do 24 de xaneiro ó 30 de xaneiro incluído)

Taxa: As persoas admitidas provisionalmente deberán aboar no prazo de cinco días hábiles dende a publicación das correspondentes listaxes unha taxa de 10 euros correspondentes ós dereitos de exame, sendo excluídas aquelas persoas que non aboan a citada taxa.

Resolución do DOG:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170123/AnuncioG0177-170117-0001_gl.pdf

MÁIS INFORMACIÓN:

<https://cemit.xunta.gal>

OU CONTACTAR COA ORIENTADORA LABORAL
CASA DE PEDRA 981737004 / 653260746
LUNS A VENRES: 8:00 - 15:00